

## OS MESTRES DA ORDE DO TEMPLE NOS REINOS DE GALICIA, LEÓN E CASTELA

Carlos Pereira Martínez

[Publicado en *Revista V Feira Franca Medieval*, Betanzos (A Coruña, Galicia, España), 2003]

Na estrutura interna da Orde do Temple nos reinos de Galicia, León e Castela, está á cabeza da xerarquía o Mestre provincial. Nos primeiros decenios a cosa non aparece moi definida. Así, Hugo Rigaud, Mestre en Languedoc, recibe como freire templario ao conde de Barcelona, en 1131, entendendo Martínez Díez (1993: 62) que foi o encargado da implantación do Temple nos reinos hispánicos. Alain Demurger (1987: 62) pensa, sen embargo, que foi Raimundo Bernard, un dos primeiros templarios recrutados en Europa, o encargado de difundir o Temple na Península por Hugo Rigaud. Na historiografía portuguesa hai bastante confusión, anque todos pensan que o primeiro Mestre foi Guilherme Ricardo: Paraschi (1992: 23-25) -que reproduce en facsimile varias obras de autores antigos- sustenta a teoría de que houbo, nun primeiro momento, varios Mestres: Guilherme Ricardo e Raimundo Bernard, que actuaron conxuntamente ata 1139, cando toma posesión Hugo Martoniense. Tamén Viterbo (1966: II, 583) sitúa a Guilherme Ricardo como primeiro Maestre. No que non están de acordo, sen embargo, é na duración do seu mandato, xa que Viterbo pensa que gobernou no ano 1128 e Bernardo da Costa (un dos autores recollidos por Paraschi, en 1139, mentres que Vieira de S. Guimaraes cre tamén que foi primeiro Guilherme Ricardo e, a continuación, Raimundo Bernard) sendo o segundo, en opinión de Viterbo e outros autores, Raimundo Bernard (Viterbo, 1966: II, 585-587).

No reinado de Afonso VII, en 1148, nun cambio coa infanta Sancha, irmá do emperador, duns lugares próximos á cidade de León, aparece como Mestre templario un tal Fucaldo (Pérez Llamazares, 1927: 58). Nun documento de 1169, aparece Garsia Romeo "in Campis et in Castella Militum predictorum Ministro de fratri Gaufrido Filcherii, citra mare totius Militie predicti Templi discreto Procuratori", é dicir, sería o representante en Terra de Campos e en Castella do Mestre de toda Europa, mentres que o "procuratori rerum Templi in Portugalia" era Gualdím Pais; o documento en cuestión é unha cesión de Afonso I de Portugal ao Temple da terceira parte do que puidese adquirir e poboa no río Texo (Viterbo, 1966: II, 592-593; Paraschi, 1991: 49-50). Garsia Romeu, un ano antes, en 1168, confirma, como "comendator in Cephinis, ex parte ierosolimitani templi" un documento polo cal Fernando II cambia coa Igrexa Compostelana varias igrexas a cambio de Coria, que doara a Santiago en 1162 e que agora doaba ao Temple (López Ferreiro, 1901: IV, apénd. XXXIX; González González, 1943: 401).

Por este tempo, arredor de 1168-1170, nunha disputa entre o Temple e Calatrava suscitada a raíz de que un freire abandonara a primeira para ingresar na segunda, aparece como Mestre templario un tal Hermindo (Estepa Díez, 1975: 140).

A cuestión parece arranxarse a partir de febreiro de 1178, cando, nun documento polo que Xoán Martínez vende ao mosteiro de San Pedro de Montes o que tiña en Ponferrada e San Andrés de Montejos, confirma o documento "Magister Guidone tenente Pontem Ferratum, da sua manu fratre Helia" (Quintana Prieto, 1971: doc. 218), data que adianta o mestrado de Guido en oito meses sobre a data que aportaba Martínez Díez (1993: 63). Dous meses despois, o 28 de marzo de 1178, cando, nunha doazón que fai Arnulfo, arcediago da Igrexa de León, a un criado seu, dunhas casas en Ceinos, aparece confirmando como Mestre Guido de la Guarda (Villar García, 1990: 123-125, doc. 74). E uns días despois da data deste documento, en outro, no cal a condesa Sancha, viúva do conde Pedro Alfonso, se entrega á Orde de San Xoán, comprometéndose a tomar hábito ao a doarlle cantas herdades en Galicia, Asturias, León e Castela recibira en arras do seu esposo, aparecen confirmando, a parte de diversos nobres e bispos, "Guido de La Garda, magister militie Templi in Legione et Castella y Galdinus, in Portugale sancte milicie magister" (Ayala Martínez, 1995: doc. 131).

Non parece que levara o mestrado dos dous reinos moito tempo, xa que nas paces asinadas entre Fernando II de León e Afonso VIII de Castela, o 21 de marzo de 1181, confirman dous Mestres: Guido en León e Rodrigo en Castela (González González, 1943: 304). En calquera caso, seguirá como Mestre provincial de León, polo menos, ata abril de 1186 (González González,

1943: 507).

A Guido de la Guarda sucederao Lope Fernández, ou de Serana, o cal xa figura como Mestre do Temple na doazón que fixo o rei Sancho I de Portugal de Idanha a Velha, en 1197 (Viterbo, 1966: II, 594; Paraschi, 1991: 63-64). É nunha venda que María Johannis e o seu marido Pedro Gallico fan ao mosteiro de Carracedo, en febreiro de 1198, dunha herdade en Ponferrada, aparece "tenente Ponteferrata magister Lupus de Serana, de manu ejus fr. Petrus" (ADA, Códices, R-4, fols. 253v-254r), falecendo en agosto de 1199, mentres axudaba ao monarca portugués Sancho I nunha incursión por terras de León (Viterbo, 1966: II, 494).

A súa participación neste episodio bélico non debe extrañar, dadas as difíciles relacións que mantíña neste momento a Orde do Temple con Afonso IX.

En 1200 era Mestre templario en Portugal, León, etc., Fernando Díaz (Loscertales, 1976: I, doc. 215), morrendo, de peste, en agosto de 1206 (Viterbo, 1966: II, 594; Paraschi, 1992: 46, onde recolle tamén a aseveración de que faleceu en tal data de frai Bernardo da Costa).

Non debía ser, nesta data, Mestre en León, xa que un documento do mosteiro de Sobrado nos di que era Sancho Fernández (Loscertales, 1976: II, docs. 196 e 279).

A Sancho Fernández substituírao Gómez Ramírez, que aparece documentado en abril de 1211 (e o representante templario no pacto da Orde con Afonso IX, polo cal este lles restitúe Algodor, Alcañices, Ponferrada, etc. (González González, 1944: II, doc. 274). Campomanes, 1975: 262-263, di que xa era Mestre en 1210, noticia que é recollida por Viterbo, 1966: II, 594) anque Viterbo sinala un documento de 1207 no cal aparece como Mestre de Portugal (1966: II, 594).

Non sabemos se tamén era Mestre de Castela e León. Mandou aos templarios na batalla das Navas de Tolosa, morrendo no sitio de Úbeda, en xullo de 1212 (Viterbo, 1966: II, 595; Martínez Díez, 1993: 64; Paraschi, 1991: 47).

Sucedeuo Pedro Álvarez, ou Alvití, documentado xa en 1213 nunha concordia do bispo de Astorga, Pedro Andrés, cos templarios, sobre os dereitos dos bispos e arcebispos a visitaren as igrexas de Tábara (BN, mss. 4357, fol. 64v e 191v; Rodríguez López, 1907: II, 258) e aínda Mestre en abril de 1227, anque parece que dimitiu en 1223. Así, nunha concordia entre o Temple e o mosteiro de Ferreira de Pallares, actúa Martín Sánchez, comendador do Temple en Galicia, en nome de Pedro Alvití, "magistri militie Templi in regnis Castelle, Legionis et Portugallie" (Rey Caiña e outro, 1984: II, 243-245). Os historiadores portugueses din que dimitiu en 1223: Viterbo (1966: II, 596), cita un documento no que aparece mencionado como "D. Petri Alvití, quondam Magistri Templi". Esta dimisión debeu ser forzada; así se entendería a carta que o pontífice Honorio III manda ao Mestre e aos templarios hispanos pedíndolles que perdoen ao Mestre Pedro Alvití, que contraera algunhas débedas na loita contra os musulmáns en España (Mansilla, 1955: doc. 447). Posiblemente logo volvese ser novamente Mestre, xa que, a parte do caso de Sanfiz, existen documentos portugueses de 1226 e 1227 nos que se titula Mestre (Viterbo, 1966: II, 596), anque, a xuízo do historiador portugués, o título élle outorgado por cortesía; esta opinión recóllea Paraschi (1992: 55).

O que non sabemos é quen substituíu a Pedro Álvarez despois da súa dimisión. En Portugal aparece como Mestre Pedro Anes, en xullo de 1223 (Viterbo, 1966: II, 597; Paraschi, 1992: 55-56).

¿Foi tamén Mestre en Castilla e León, como se interroga Paraschi? Non estamos en condicións, polo de agora, de ter unha resposta concluínte.

O seguinte Mestre es Martín Sánchez, que aparece como tal en xullo de 1228 (BN, mss. 13.604, 92, 169 e 177). Foi Mestre dos tres reinos, como recolle Viterbo (1966: II, 597). Dimitiría do seu cargo, falecendo en 1234. Pero en 1228 tamén aparece Guillermo Fulconis como "Preceptori domorum Militie Templi in tribus regnis Hispanie" nunha doazón que Froilhe Hermigues fai ao Temple de bens nos reinos de Portugal, León e Castela (Viterbo, 1966: II, 103).

Guillermo tamén aparece nomeado na *Regra* do Temple, concretamente no artigo 582, nunha disputa entre os templarios portugueses, leoneses e casteláns, como comendador de España; no artigo anterior, o 581, é mencionado Martín Sánchez, pero como comendador en Portugal. Precisamente no mandato de Guillermo prodúcese un grave conflito: ao estar el enfermo, puxo a outro templario, Adán, no seu lugar, pero esta decisión foille reprochada por non ter deixado no seu sitio a Raimond de Lunel. Ao morrer Guillermo, Adam dixo que era o seu substituto, e Raimond dixo o mesmo, apoiando os templarios de Castela e León a Adam e os de Portugal a Raimond, e convocando cada un cabidos, nomeando comendadores, etc. O caso tivo que ser resolto en Terra Santa (Upton-Ward, 1997: 150-151; 2000: 192-193)

Sucedeu a un dos dous como Mestre nos tres reinos Esteban de Belmonte, polo menos dende xullo de 1229 (Viterbo, 1966: II, 597, cita un documento no que se titula "frater Stephanus de Belmonte, in istis tribus Regnis, Portugaliae, Legionis, atque Castellae, Preceptor.."), ata decembro de 1236: nun litixio que resolve Fernando III entre a Orde de Alcántara e a do Temple, figura como "Stephanum de Bellomonte, magistrum militiae Templi in istis regnis Hispaniae" (González González, 1986: III, doc. 579). Un pouco antes era Mestre nos cinco reinos: Portugal, León, Castilla, Aragón e Navarra (González González, 1983: II, doc. 575). Posteriormente, en 1239, sería Mestre de Provenza e algunhas partes de España: "domno Stephano de Bellomonte ... instanti magistro ordinis milicie Templi in quinque regnis Hyspanie" (Martínez Díez, 1993: 65). O seu selo tiña a lenda "Sigillum preceptoris Templi Ispanie" (Martínez Díez, 1993: 65; Martín Martín e outros, 1977: 269, doc. 185b; Guglieri Navarro, 1974: III, 61, nº 1995; Villar y Macías, 1974: IV, 8).

Non é templario, como algúns afirman, o chamado Mestre Arnaldo, que fixo unha concordia con bispo de Zamora sobre as igrexas de Santa María de Castellanos, San Martín e San Juan (BN, mss. 714, fol. 155 r; Fernández Duro, 1882: I, 435) senón da Orde Teutónica, que tiña precisamente neste lugar a encomenda de La Mota (Reglero de la Fuente, 1993: 205).

O 18 de agosto de 1241 documéntase como Mestre nos tres reinos a Martín Martínez (Rey Caíña e outro, 1984: II, 247) ata, por agora, o 13 de setembro de 1244 (BN, mss. 13123, fol. 44r.; Rey Caíña, 1994: 189-191; Martínez Díez, 1993: 76-77).

A Martín Martínez sucederá Pedro Gómez, e non Martín Núñez, como opina Martínez Díez (1993: 65); así, nun documento de xuño de 1247, polo que María Pais doa ao Temple uns bens en Portugal, confirma "frater P. Gomecii, Militiae Templi in tribus Regnis Hispaniae Magister" (Viterbo, 1966: II, 599). O 10 de febreiro de 1249 aínda asina documentos como Mestre nos tres reinos (Sánchez Rodríguez, 1985: doc. 405).

Posteriormente, en 1250, é elixido Paio Gómez, tamén Mestre nos tres reinos -así se titula nun acordo co bispo portugués de Guarda- (Viterbo, 1966: II, 599) ata 1252 (Viterbo, 1966: II, 599). Renunciou en 1253.

Sucedeu a Paio Gómez no mestrado nos tres reinos Martín Núñez, dende, polo menos, maio de 1253 -así se titula nun documento portugués outorgado nun Cabido Xeral celebrado en Castelo Branco- (Viterbo, 1966: II, 599) ata o 12 de marzo de 1265 (Martínez Díez, 1993: 50).

O seguinte Mestre, tamén nos tres reinos, foi Lope Sánchez; figura nun documento datado o 23 de xuño de 1265 (Pascual Martínez, 1981: 687-699) no cal tamén se indica que era "Visitador en los V regnos d'España".

Séguelle Juan Eanes, Mestre nos tres reinos, dende o 8 de abril de 1267 ao 18 de novembro de 1268 (Martínez Díez, 1993: 51). En 1271, nun Cabido Xeral celebrado en Zamora se titula como Lugartenente do Mestre de Ultramar da Orde do Temple, pero non era Mestre de Castela e León (Viterbo, 1966: II, 600).

Sucederá Guillén, que aparece documentado dende o 27 de setembro de 1269 (Campomanes, 1975: 33-34) ata o 3 de xaneiro de 1273 (Martínez Díez, 1993: 51).

O seguinte Mestre, en Castela e León, foi Garci Fernández, documentado dende o 28 de xuño de 1272 (ou 23 de xuño de 1271)-así se lle chama nun documento no que se demarca Valencia del Ventoso- (Campomanes, 1975: 30-31; Martínez Díez, 1993: 180, di que o documento é de 23 de xuño de 1271) ata o 13 de xullo de 1282 (Martínez Díez, 1993: 51).

Como se pode comprobar, existe unha contradicción nas datas, xa que coinciden Guillén e Garci Fernández, que Gonzalo Martínez explica propoñendo que, nese momento, Garci Fernández era lugartenente en Castela e León, non en Portugal, do Mestre templario (Martínez Díez, 1993: 181). Pero a súa proposta ten eivas, dado que os historiadores portugueses non mencionan a Guillén como Mestre en Portugal; tampouco aparece neste momento ningún Mestre de Aragón e Cataluña con este nome. Ao noso xuízo, caben dúas posibilidades: ou ben houbo un cisma momentáneo, existindo dous Mestres en Castela e León, ou Guillén asina algúns documentos pero sendo Mestre honorífico (caso que xa se dera con anterioridade, como vimos), é dicir, tendo dimitido con anterioridade pero conservando o rango.

Sucedeu a Garci Fernández o portugués Juan Fernández, que estaba en Palestina, e, ao seu regreso, aparece en documentos de Afonso X dende o 4 de marzo de 1283 (Martínez Díez, 1993: 52) ata o 23 de maio de 1288, data na que falece (Viterbo, 1966: II, 601).

Foi o último Mestre nos tres reinos, que saibamos.

Sucederao Gonzalo Yáñez, dende o 29 de outubro de 1289 ata o 11 de abril de 1299, xa no reinado de Fernando IV (Martínez Díez, 1993: 57, 66).

Pero con estas datas xurde un problema, xa que, noutros documentos, aparecen outros Mestres: Sancho Ibáñez, nun privilexio de Fernando IV a Baeza, datado o 3 de agosto de 1295 (Campomanes, 1975: 33); Gonzalo Gómez, que aparece como testemuña dun convenio entre o Grande Comendador do Hospital de España e o bispo de Astorga, datado en Valladolid o 19 de agosto de 1295 (BN, mss. 4357, fol. 161r-v); Ruy Díaz, o 2 de xullo de 1296, confirmante dun privilexio dado por Fernando IV á Orde de Santiago (Campomanes, 1975: 35-36) e Gómez Pérez, o 14 de maio de 1298, Medina del Campo, que, como mestre do Temple en León e Castela confirma o cambio feito por frei Rodrigo Rodríguez cos freires predicadores de Benavente, dun corral por un par de casas; cambio que aprobaran nun cabido xeral celebrado en Alcañices (Fernández Ruíz, 2000: 65, doc. 27). Ese cambio llo mandara facer “el nuestro Maestro de Ultramar dom frey Jacobo de Molay a dom frey Gonçalo Yáñez, Maestro sobredicho a la saçom”.

Nos dous primeiros casos, pensamos que puido existir unha confusión entre os nomes, Sancho por Gonzalo, e os apellidos, Gómez por Yáñez. Pero o terceiro non ten clara explicación, sobre todo porque, na información e declaración de testemuñas na causa seguida contra os templarios de Castela e León, unha persoa fala dun tal “Rodericus Roderici qui fuit postmodum Magister”, Ruy Díaz, segundo Fita (1882: 90-99).

Por tanto, somos da opinión de que a Gonzalo Yáñez o sucedeu Ruy Díaz, ou Ruy Rodríguez, sendo o derradeiro Mestre da Orde do Temple en Castela e León Rodrigo Yáñez, que xa documentamos o 15 de maio de 1307, dando foros á vila de Cehegín, en Murcia (Campomanes, 1975: 232-233).

Para tomaren posesión, os Mestres tiñan que prestar un xuramento. Coñecemos o texto do que utilizaban en Portugal nos séculos XII e XIII, o cal, anque fai mención expresa ao reino veciño, serviría para o territorio obxecto do noso estudo, xa que, como vimos, en moitas ocasións rexían varios reinos:

Eu, cabaleiro da orde do Temple e elixido unha vez máis mestre dos cabaleiros que están en Portugal, prometo a Xesucristo o meu señor e ao seu vigairo..., o Soberano Pontífice e aos seus sucesores, obediencia e fidelidade perpetua; e xuro que non só defenderei de palabra senón tamén coa forza das armas e a vida, os Misterios da Fe, os Sete Sacramentos, os catorce artigos da Fe, o Símbolo da Fe e o de San Atanasio, os Libros tanto do Antigo como do Novo Testamento cos comentarios dos santos Padres que foron recibidos poa Igrexa, a Unidade de Deus e a pluralidade de persoas da Santísima Trindade: que María, filla de Xoaquín e de Ana, da tribo de Xudá e da estirpe de David sempre permaneceu Virxe, antes do parto, no parto e despois do parto.

Prometo ser sumiso e obedente ao Mestre xeral da Orde, de acordo coos estatutos que nos foron prescritos polo noso pai San Bernardo.

Que todas as veces que faga falla atravesarei os mares para ir combater, que prestarei o meu socorro contra os reis e príncipes infieis, que xamáis permanecerei sen armas nin cabalo; que non fuxirei ante tres inimigos e que lles farei fronte se tamén eles son infieis, que non venderei os bens da Orde nin consentirei que sexan vendidos ou alleados e que guardarei perpetua castidade.

Que serei fiel ao rei de Portugal. Que non entregarei aos inimigos as cidades e prazas que pertencen á orde e que non negarei ás persoas relixiosas, principalmente aos relixiosos do Císter e aos seus abades -xa que son irmáns nosos e compañeiros- ningún socorro, xa sexa de palabra, xa sexa con obras pías e mesmo coas armas.

E para que conste pola miña propia vontade, xuro que observarei todas estas coisas. Que Deus e os seus Santos Evanxeos me axuden" (Bordonove, 1989: anexo I).

A partir de 1250 créase o cargo de "visitador", existindo en Europa dous: un encargado de Francia, Inglaterra e Alemania, e outro eos reinos da Península Ibérica (Sans i Travé, 1996: 206). No caso peninsular, ao principio ocupou o cargo o Mestre castelán-leonés -xa vimos como o Mestre Lope Sánchez era tamén "visitador en los V regnos d'España"- sendo despois os Mestres da Provincia aragonesa-catalana-provenzal quen o exerceron, coa excepción de Simón de la Tour, visitador en 1277, que non era orixinario da Península Ibérica (Sans i Travé, 1996: 206).

A finais do XIII os visitadores podían nomear comendadores; así o fai o Mestre de Aragón e Cataluña, e visitador nos cinco reinos de España, Berenguer de Cardona en 1300, por facultade concedida polo Grande Mestre da Orde (Sans i Travé, 1996: 107).

Aos Mestres Provinciais se lles denomina nalgunha ocasión Lugartenentes do Mestre de Ultramar: en 1271 éo Juan Anes (Viterbo, 1966: II, 600); en 1283 Juan Fernández aparece mencionado como "Thenente-Logar del Maestre Mayor en las Casas que la Cavallería del Temple ha en Castilla, e en Leon, e en Portugal" (Campomanes, 1975: 228-230).

## Fontes e Bibliografía

### Fontes

Arquivo Diocesano de Astorga, Códices, R-4.  
Biblioteca Nacional, mss. 714, 4357, 13123 e 13604.

### Bibliografía

AAVV (1984): *Actas del II Colóquio Galaico-Minhoto*, Santiago.  
AAVV (1994): *Actas III Coloquio galaico-minhoto*, Viana do Castelo.  
Ayala Martínez, Carlos de (comp.) (1995): *Libro de Privilegios de la Orden de San Juan de Jerusalén en Castilla y León (Siglos XII-XV)*, Madrid.  
Bordonove, Georges (1989): *La vida cotidiana de los templarios en el siglo XIII*, 3ª ed., Madrid.  
Campomanes, Pedro Rodríguez de (1975): *Dissertaciones Historicas del Orden y Cavalleria de los Templarios*, (1ª ed., Madrid, 1747), ed. facsímile, Barcelona.  
Demurger, Alain (1987): *Auge y caída de los templarios*, Barcelona.  
Estepa Díez, Carlos (1975): "La disolución de la Orden del Temple en Castilla y León", *Cuadernos de Historia*, 6, pp: 121-186.  
Fernández Duro, Cesáreo (1882): *Memorias históricas de la ciudad de Zamora, su provincia y obispado*, vol. I, Madrid.  
Fernández Ruíz, Raquel del Carmen (2000): *Colección diplomática del monasterio de Santo Domingo de Benavente (1228-1390)*, Salamanca.  
Fita, Fidel (1882): *Actas inéditas de siete concilios españoles*, Madrid.  
González González, Julio (1943): *Regesta de Fernando II*, Madrid.

(1944): *Alfonso IX*, 2 vols. Madrid.

(1983, 1986): *Reinado y diplomas de Fernando III*, vols. II e III, Córdoba.

Guglieri Navarro, Araceli (1974): *Catálogo de sellos de la sección de Sigilografía del Archivo Histórico Nacional*, 3 vols., Madrid.

López Ferreiro, Antonio (1901): *Historia de la Santa Apostólica Metropolitana Iglesia de Santiago*,

vol. IV, Santiago.

Loscertales y García de Valdeavellano, Pilar (1976): *Tumbos del monasterio de Sobrado de los Monjes*, 2 vols., Madrid.

Mansilla, Demetrio (1955): *La documentación pontificia de Honorio III*, Roma.

Martín Martín, José Luis, e outros (eds.) (1977): *Documentos de los archivos catedralicio y diocesano de Salamanca (siglos XII-XIII)*, Salamanca.

Martínez Díez, Gonzalo (1993): *Los templarios en la Corona de Castilla*, Burgos.

Paraschi, André Jean (1991): *História dos Templários em Portugal. A expansão territorial*, Lisboa.

(1992): *Historia dos Templários em Portugal. A fundação e os Mestres da Ordem*, 2ª ed., Lisboa.

Pascual Martínez, Lope (1981): "Los templarios en el reino de Murcia", *Anuario de Estudios Medievales*, 11, pp: 687-699.

Pérez Llamazares, Julio (1927): *Historia de la Real Colegiata de San Isidoro de León*, León.

Quintana Prieto, Augusto (1971): *Tumbo Viejo de San Pedro de Montes*, León.

Reglero de la Fuente, Carlos M. (1993): *Los señoríos de los montes de Torozos. De la repoblación al Becerro de las Behetrías (siglos X-XIV)*, Valladolid.

Rey Caiña, José Ángel, e outro (1984): "Benedictinos y Templarios en Guntín (S. X-XVI)", pp: 233-254, en AAVV: *Actas del II Colóquio Galaico-Minhoto*, 2 vols., Santiago.

(1994): "Los templarios en tierras de Lugo", pp: 187-191, en AAVV: *Actas III Coloquio galaico-minhoto*, Viana do Castelo, vol. I.

Rodríguez López, Pedro (1907): *Episcopologio Asturicense*, 4 vols., Astorga.

Sánchez Rodríguez, Marciano (1985): *Tumbo Blanco de Zamora*, Zamora.

Sans i Travé, Josep María (1996): *El templers cataláns. De la rosa a la creu*, Lleida.

Villar García, Luis Miguel (1990): *Documentación medieval de la catedral de Segovia (1115-1300)*, Salamanca.

Villar y Macías, M. (1974): *Historia de Salamanca*, vol. IV, Salamanca.

Viterbo, Joaquim de Santa Rosa de (1966): *Elucidario das palavras, termos e frases que em Portugal antigamente se usaram e que hoje regularmente se ignoram: Obra indispensável para entender sem erro os documentos más raros e preciosos que entre nós se conservam*, 2 vols., ed. crítica de Mário Fiuza, vol. II, Lisboa.

Upton-Ward, J. M. (1997): *The Rule of the Templars*, Suffolk. Hai traducción en español: (2000): *El código templario*, Barcelona.

El Templars en Portugal ([www.thornr.demon.co.uk/kchrist](http://www.thornr.demon.co.uk/kchrist))